

1. Alá, cuando era bon mozo
tiña doce anos cumpridos
fun ver unha nena guapa
filla do Xan dos Despidos.

Levaba un pau tan largo
coma o timón dun arado
e unhas zocas chinelas
fumando nun gran cigarro.

2. Emprendín as boas noites
sale o can moi apurado
rompeume o calzón de estrena
e máis tiroume deitado.

Levántas’ a ama de casa
Aí, que can máis condenado
que me bateu nas costelas
que me deixou desmaiado!

3. E díxoll’ o señor Xan:
–É bon milagro, muller
que este can éche escolleito
mal carne non val pra comer.

A rapaza non estaba
disque iba nun viaxiño
eu salín pra esperala
ao alboio dun veciño.

4. Salíume outro can tan feo
como a cabeza dun sapo
arrastroume pola lama
igual que se fora un trapo.

Desque o can ladraba tanto
salen todos os veciños
con fungueiros, paus e fouces
e as mulleres con fouciños.

5. Desde que vin tanta xente
tirei cas zocas chinelas
e para que non me pillaran
din mais sebo ás canelas.

Cuando chego á miña casa
miña mai deume boas sopas
cantoume as corenta en bastos
e ademais, as vinte en copas.

6. Meu pai, que estaba presente
pra me calentar as moas
deume sete bofetadas
encima de mel, filloas!

Iba polo cuarto adiante
iba medio condenado
rabeoso coma un can
polas que tiña levado.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades